

Esta semana seguimos traballando a creatividade e as creacións literarias pasando a outro xénero: **o conto**. Lembra de que o conto consta de 3 partes:

- **Introdución:** sitúanse os feitos e preséntanse os personaxes.
- **Nó:** desenvólvese a historia. É a parte fundamental.
- **Desenlace:** resólvense os problemas dos personaxes.

Vós teredes que inventar un conto en galego que recopilaremos nun libro que se titulará: "Pequenos contos do confinamento". Debedes coidar a caligrafía, ortografía e a presentación. Pode levar ilustracións. O folio no que se faga deberá estar en sentido vertical. Ó rematalo, enviádesmo ó correo.